



## BANDO

**D. RUBÉN QUINTAS RODRÍGUEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE MACEDA (OURENSE),**

### **FAGO SABER:**

A Secretaría Xeral da Igualdade convoca unha **PRESTACIÓN PERIÓDICA PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO.**

#### **Requisitos das solicitantes:**

- Ser muller, maior de idade ou emancipada, vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia e de dependencia económica.
- Ter cesado a convivencia no intervalo temporal que comprende os doce meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude.
- Estar empadroada e ter residencia efectiva na Comunidade Autónoma de Galicia e, no caso das mulleres estranxeiras, cando así o esixa a lexislación vixente, ter permiso de residencia.
- Carecer de recursos económicos ou que estes sexan de contía insuficiente para afrontar unha independencia inmediata e/ou dispoñer dunhas rendas ou ingresos brutos mensuais non superiores a 1,5 veces o IPREM vixente, excluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.
- Non ter percibido con anterioridade ningunha axuda polo mesmo concepto.

**O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto con carácter permanente.**

*Máis información no Centro de Información ás Mulleres (Tlf. 988463554) e no DOG do venres, 24 de marzo de 2017.*

Maceda, 27 de marzo de 2017

